

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19**

### **SESION EXTRAORDINARIA 19 DE DECEMBRO DE 2013**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M (incorporase máis tarde).  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTEN:**

Beiro Diz, Pablo  
Díaz Vázquez, Raquel  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día dezanove de decembro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, con orde do día do 16 de decembro que obra en poder das señoras/es concelleiros, dous puntos da orden do día, aprobación de dúas ordenanzas, en aprobación definitiva, xa hai un ditame da Comisión que aparece no texto que é o que finalmente se someterá a votación. Ábrese sesión pública, constatase quórum e iniciamos o proceso con quendas de debate de cinco minutos para cada un dos grupos.

**1(228).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO DE IMPOSICIÓN E ORDENANZA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA “GALERÍA DE SERVIZOS DE NAVIA”. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN. (25).**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de decembro de 2013 a directora de Ingresos e a técnica xurídica da Dirección de Ingresos, presentan o seguinte informe proposta conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, polo Secretario Xeral do Pleno e mailo Interventor Xeral,

**“ANTECEDENTES DE FEITO:**

1. O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 15/10/2013 prestou aprobación provisional ao acordo de imposición e Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos en galerías municipais.

2. O anuncio de exposición pública do acordo plenario anterior foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 200 de 17/10/2013, iniciándose o prazo de 30 días hábiles para o exame do expediente e a presentación de reclamacións e suxerencias, rematando o mesmo o 22-11-2013.

3. Dentro do prazo regulamentario, R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. – CIF A-15474281 presenta escrito de alegacións ao acordo de imposición e Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos en galerías municipais, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 22/11/2013.

**INFORME-PROPOSTA:**

Fundamenta a súa oposición ao citado acordo plenario no establecido no artigo 24.1c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais:

*“c) Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no soo, subsolo ou voo das vía municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de suministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe daquelas consistirá,*

*en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada término municipal as referidas expresas.*

*As taxas reguladas neste parágrafo c) son compatibles con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as empresas a que se refire este parágrafo c) deban ser suxeitos pasivos conforme ao establecido no artigo 23.1. B) desta lei (1) quedando excluída, polo pagamento desta taxa a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vía pública municipais.*

*(1) Conforme ao disposto no artigo 23.1.b), son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais, conforme algún dos supostos previstos no artigo 20.4 desta lei.*

*Segundo o artigo 20.4, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular as seguintes:*

*....*

*q) Colocación de tuberías, fíos condutores e cables en postes ou galerías de Servizo da titularidade das entidades locais.*

*...*

Dos preceptos transcritos, infire a entidade R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. que debe quedar excluída da Ordenanza fiscal obxecto do presente expediente por estar tributando conforme ao 1,5% dos seus ingresos brutos facturados no término municipal e, entende que a taxa imposta nesta ordenanza fiscal resulta *derivada* da utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais

Ao longo deste informe argumentaranse os motivos, dende diferentes perspectivas, polos que a conclusión será xustamente a contraria.

I. A primeira das alegacións formuladas por R Cable constata e reproduce literalmente o artigo 1.1 da ordenanza fiscal aprobada provisionalmente:

*Artigo1.1. Constitúe o feito impoñible da presente taxa a prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na vixilancia, mantemento e reparación das Galerías de Servizo Municipais, que afecten ou beneficien aos usuarios das citadas Galerías por teren instalados nelas tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento.*

Nada alega fronte ao “feito impoñible da taxa” establecida dacordo cos artigos 20.1.B, e 24.1.c) parágrafo final. Establecese a suxeición a esta taxa de modo xenérico para tódolos usuarios da Galería. O cumprimento estrito deste principio de xeneralidade tributaria respectase, de forma exquisita, ata o punto de que o propio Concello de Vigo

--en tanto que é entidade usuaria da Galería para servizos non repercutibles mediante taxa (alumeado público e tubería de rego)--, soportará un custe estimado para o exercicio 2014 idéntico ao estimado para a propia empresa alegante (8.652 €), segundo consta no Apartado IV determinación das tarifas para o ano 2014 do informe económico que obra no expediente.

II. A segunda das alegacións transcribe os preceptos legais que serven de fundamento a esta ordenanza fiscal. Aínda que a empresa alegante non plantea oposición ao feito impositivo desta taxa, convén explicitar de forma detallada o contido dos Servizos a que obriga o funcionamento da Galería, pois na alegación cuarta solicita unha excepcionalidade consistente en que *“non debe ser aplicable a empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, ca que a alegante abona un 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente e en cada termino municipal”*.

1º) A utilización dunha “galería de servizos” comporta a recepción obrigatoria dunha serie de servizos inherentes ao normal funcionamento da mesma que, en ningún caso resultan *derivados* da utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo, ou voo da vía pública municipal.

No estudo económico que obra no expediente, descríbense os servizos que serven de fundamento á imposición desta taxa:

- a) Limpeza periódica de residuos e unidades das Galerías (paredes, teito e solo)
- b) Reparación dos elementos de impermeabilización deteriorados, reparando gretas e fisuras e reponendo enfoscados e soleiras deterioradas.
- c) Mantemento preventivo e correctivo dos elementos da instalación: higrómetros, ventiladores, alumeado, tomas de electricidade, detectores de inundación, cadros de mando, dispositivos de emerxencia, liñas eléctricas, extintores...
- d) Comprobación, substitución, reparación e proba de equipos instalados segundo a normativa e especificacións do fabricante de cada equipo.
- e) Actualización dos equipos da Galería á Normativa Vixente en cada momento e práctica das revisións regulamentarias de toda a Galería e os seus elementos.
- f) Xestión e control de entrada e saída do persoal dos distintos operadores/usuarios da Galería durante as 24 horas dos 365 días ao ano.

As empresas suxeitas ao réxime do 1,5% dos ingresos brutos retribúen á comunidade con estes ingresos pola utilización ou ocupación de solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais nos que colocan as súas conducións, redes, tuberías etc e sendo, como é lóxico, do seu cargo o seu mantemento, reparación etc. (na inmensa maioría dos casos, soterran conducións directamente no propio terreo con suxeición á *Ordenanza reguladora das Obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública do Concello de Vigo*).

No caso da instalación nunha “galería de servizo”, non precisan realizar as obras de soterramento das súas redes ou conducións e tampouco a reposición das vías públicas

ao seu estado antes do soterramento porque a Comunidade a través do Presuposto Municipal provee a estas empresas dunha construción-instalación (xa non podemos falar de mera utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais) dotada de tódolos elementos construtivos e técnicos necesarios para o desenvolvemento da actividade económica destas empresas explotadoras de servizos de subministros. Por outra parte, ao tratarse dunha construción-instalación, a Xerencia Municipal de Urbanismo debe de supervisar e aprobar a posta en funcionamento da “galería de servizo”, como se fose calquera outro local ou instalación.

2º) Non se derivan “da utilización privativa ou do aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais” os seguintes servizos:

- A atención da Area de Fomento do Concello, poñendo a disposición das empresas unha persoa localizable mediante teléfono móbil durante as 24 horas dos 365 días ao ano para solventar calquera anomalía de funcionamento.
- A permanente posibilidade de acceder de forma inmediata as súas redes solicitando o acceso telefonicamente, identificando o tramo de galería e a porta de acceso. A petición trasládase a unha patrulla de garda que se dirixe á porta acordada para facilitar o acceso identificando as persoas que acceden á galería así como a empresa a que pertencen. Durante o tempo no que aporta de acceso permanece aberta hai unha sinalización e valado que ocupa aproximadamente 2 m<sup>2</sup> de beirarrúa que obstaculiza o paso de peóns (prodúcese aquí un aproveitamento especial do solo público, xunto con unha prestación de servizos de colocación de valados que sí se pode considerar *derivado* da utilización privativa do subsolo e que, polo tanto, non devenga taxa ningunha por entender o Concello que estaría incluída no pagamento do 1,5% dos Ingresos Brutos). A empresa comunica ter rematados os traballos para que unha patrulla verifique como quedan as instalacións. No caso de atopar calquera deficiencia, requírese de inmediato á empresa usuaria para proceder a súa reparación inmediata.
- Rexistro das incidencias e actuacións na base de datos da Area de Fomento do Concello de Vigo
- Mantemento preventivo dos elementos de ventilación:
  - Comprobación quincenal do funcionamento.
  - Comprobación mensual de consumos, caudais de aire, correcto xiro de turbinas, tensado de correas, alineación de poleas, limpeza de álabes e condutos de ventilación....
  - Comprobación trimestral de consumo eléctrico de motores.
  - Anualmente, engrase de “cojinetes”, reaxuste de parafusos, verificación da RPM do ventilador e condutos de ventilación.
- Mantemento preventivo de elementos de alumeado
- Mantemento preventivo de instalación eléctrica de baixa tensión con periodicidade trimestral.
- Mantemento preventivo dos sistemas de bombeo, moitos deles con periodicidade quincenal.
- Revisión e limpeza de pluviales con periodicidade quincenal.
- Mantemento preventivo de instalacións contra incendios, con periodicidade quincenal

- Revisión e limpeza de detectores de inundación con periodicidade quincenal.
- Comprobación e limpeza de higrómetros, con periodicidade quincenal.
- Mantemento correctivo de tódolos sistemas e reposición de compoñentes da galería: lámpadas de iluminación, de emerxencia, baterías, tomas de enchufes, luminarias, caixas de derivación.
- ...

É certo que existe unha ocupación do subsolo público local igual que no caso das conducións soterradas directamente polas empresas, o subsolo onde está construída a galería. Hai unha ocupación e utilización privativa daquel pero, amais, as empresas usuarias das galerías disfrutan dunha serie de servizos que non son inherentes nin imprescindibles para o necesario aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, se non existise a galería. Son servizos necesarios e de recepción obrigatoria só no caso de que exista unha galería de servizos. De existir, os beneficios son claros tanto para os veciños que sofren menos molestias pola menor interferencia no solo das vías públicas municipais senón tamén para a empresa usuaria, comparando esta situación co desenvolvemento da súa actividade en lugares nos que a desenvolve polo sistema tradicional de conducións soterradas:

- O custe de averías para as empresas de telecomunicacións redúcese nun 70% cando hai galería respecto do sistema tradicional de conducións soterradas.

- A redución no número de averías e o tempo empregado na súa reparación implica un menor tempo de interrupción do servizo.

- A medio prazo, o sistema de “galerías de servizo” aforra ás empresas usuarias importantes custes de abrir e pechar gabias para a reposición dos cableados unha vez extinguida a súa vida útil.

- Resulta un servizo tan rentable dende o punto de vista privado e social que no caso de que a construción fora realizada a cargo das empresas, estas terían unha TIR aproximada do 7% da inversión para unha ocupación do 6% da Galería chegando a alcanzarse TIRs do 40% no caso de ocupación completa da Galería.

No noso caso, a Galería de Navia é unha construción-instalación financiada a cargo de presuposto público con beneficios sociais importantes para o vecindario e beneficios privados para as empresas usuarias non menos importantes. Chegados a este punto, case resulta antiestético que calquera usuario da galería mostre oposición a soportar uns razoables custes de mantemento da construción-instalación. No caso de R Cable, estímase en 8.652€ para 2014 dun total de 97.142€ segundo consta no informe económico deste expediente.

Están suxeitos ás taxas reguladas na ordenanza fiscal pola prestación dos Servizos na Galería de Navia tódolos usuarios, en tanto que son empresas especialmente beneficiadas. Sendo outra a interpretación, o Concello e outras Entidades Locais que estiveran no caso, haberían de tomar en consideración o peche dunha galería deste tipo e, consecuentemente, a volta ao sistema tradicional de conducións soterradas que hai no resto do término municipal de Vigo. Medida que sería un absurdo tendo en conta que as “galerías de servizos” públicos aportan, a curto prazo, benestar aos

veciños e minimización de custes de instalación e reparación para as empresas usuarias e, a medio e longo prazo, eficiencia económica tanto privada como social.

En calquera caso, dende o punto de vista xurídico-tributario, a exacción desta taxa *non deriva* da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, senón dos servizos de obrigada recepción por teren instalados tuberías, redes, fíos etc. nunha construción-instalación municipal que, neste caso está radicada no subsolo das vías públicas municipais pero que podería estar radicada en parte nun subsolo que non fose dominio público local.

Resulta obvio que non só son dous feitos impoñible diferentes se non que son dos supostos de distinta categoría xurídico-tributaria:

A Taxa 1,5% s/Ingresos Brutos, é unha taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

A Taxa pola prestación dos servizos nas “galerías de servizos”: é unha taxa de prestación de servizos e como tal, perfectamente cuantificados os seus custes directos e indirectos conforme ao estudo económico que obra no expediente.

O miolo da cuestión está en que a empresa alegante sostén que a utilización da galería é *derivada* da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vía publicas. O mellor argumento para desfacer esta *derivación* é que a galería non existe no 99% do dominio público local de Vigo. Sen embargo a existencia da mesma en Navia supón sobrecustes ao erario público local e menores custes de funcionamento as empresas usuarias.

Por aclarar o que, sen dúbida, o lexislador quixo deixar excluído dunha tributación adicional ao 1,5% sobre Ingresos Brutos, consideramos que as licenzas de obras ou autorizacións para instalar as redes deben quedar excluídas de taxa por seren *derivadas* tanto da ocupación directa do dominio público local como da ocupación indirecta porque a instalación sexa en “galerías de servizo” municipais.

Igualmente, as taxas de aproveitamento especial derivadas das zanzas abertas nunha vía pública con motivo de averías ou da colocación de valados protectores nas portas abertas das galerías que están situadas no solo da beirarrúa non deben implicar taxas por estar estes aproveitamentos vencellados ou derivados do aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo de vías públicas municipais realizado por empresas que están suxeitas ao réxime do 1,5% sobre Ingresos Brutos.

Tampouco se pode realizar o aproveitamento do dominio público local sen as licenzas, autorizacións e aproveitamentos especiais mentres duran as obras pero si se pode realizar o aproveitamento do dominio público local sen unha Galería de servizos -de feito, faise así en case todo o termino municipal- Cando unha empresa se instala nunha Galería de Servizos, amais de ocupar un dominio público: o lugar onde está construída a galería, ocupa un edificio-instalación municipal.

III Na alegación terceira R cable, manifesta o desacordo con esta taxa por considerar que se trata dunha dobre imposición e apoia o seu argumento en tres sentencias do Tribunal Supremo.

Polo que se refire aos pronunciamentos do Tribunal Supremo que apoiarían a tese da empresa alegante, cabe dicir que, tanto a sentenza de 20 de maio de 2002 como as de 12 de abril de 2003 e 1 de abril de 2004, corresponden a liquidacións en concepto de prezos públicos por utilización de galerías simultaneadas con prezos públicos polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio publico local. Trátase de fallos ditados no marco da anterior normativa de taxas e prezos públicos das entidades locais clarificada por sentenza 1/185 do Tribunal Constitucional, que logo deu orixe ás modificacións destas materias por lei 25/1998 de 13 de xullo que modificou a lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais no que a taxas e prezos públicos se refire.

Por outra parte, a redacción actual do artigo 24.1 parágrafo final está vixente dende 1 de xaneiro de 2003, en virtude das modificacións introducidas por Lei 51/2002 de 27 de decembro. Non cabe pois invocar estes pronunciamentos do Tribunal Supremo é inviable considerar dobre imposición cando estamos tratando dunha taxa de aproveitamento de dominio publico fronte a unha taxa de prestación de servizos. .

Amais de propoñer a desestimación integral do contido da alegación, parece oportuno proceder a modificar a redacción dalgún paragrafo e engadir outro, con finalidade aclaratoria ou mesmo didáctica:

- No titulo da ordenanza, especificar que se trata da construción-instalación Galería de Navia.

- No artigo 4, para clarificar que o importe dos custes que se reparten entre os usuarios, incluído o propio Concello -como usuario con redes para alumeadado público e tuberías para rego-, non acada á totalidade dos mesmos, minorándose aqueles entre un 10 e un 20% por razóns de interese xeral. En consecuencia, a suma das cotas individuais queda por debaixo do custe do servizo e mesmo cotas individuais futuras poderán ser inferiores as propostas para 2014 se houberse mais usuarios da galería ou superiores, se algún dos actuais se dese de baixa.

-

Polo exposto, procede propoñer ao Excmo. Concello Pleno, previo ditame da Comisión de Economía e Facenda, a adopción dos seguintes acordos..."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión extraordinaria do 16 de decembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de decembro, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Estaba sorprendida porque agardábamos que por parte do Goberno, que trae esta proposta de ordenanzas para a súa aprobación definitiva,

fíxese nalgunha intervención, máis que nada porque nós dende o Bloque Nacionalista Galego queremos reiterar algo que xa expuxemos no momento da aprobación inicial destas ordenanzas, e é que neste caso traemos a debate a Pleno dúas ordenanzas, dúas novas ordenanzas coas que nós manifestamos estar de acordo dende un primeiro momento, pero iso si, supoñen uns novos ingresos para o Concello de Vigo e nós seguimos sen saber para que. Seguimos sen saber para que este Goberno quere aumentar os ingresos do Concello, pero por outra banda non ten ningunha intención de facer ningunha modificación no resto das ordenanzas fiscais que permitan que este aumento dos ingresos do Concello sirva para compensar a situación tan terrible que está atravesando unha boa parte da cidadanía, e que sirvan para aliviar a presión fiscal das persoas que están atravesando situacións máis complicadas na nosa cidade. O Goberno negouse a debater coa oposición e coa cidadanía as ordenanzas fiscais para o ano 2014, négase a estudar novas exencións, a estudar reducións de impostos para as persoas con menores ingresos e con menores niveis de renda. Entón nós imos reiterar hoxe o que xa dixemos no momento da aprobación inicial e de feito imos manter o noso voto, imos absternos na votación destas ordenanzas, porque estando de acordo con que se apliquen estas novas taxas, como non sabemos para que aínda a día de hoxe, como entendemos que non van servir para compensar a través do resto das ordenanzas fiscais a situación de grave crise económica de moitas familias da nosa cidade non podemos votar a favor porque seguimos sen saber para que o Goberno quere aumentar os ingresos a través destas novas ordenanzas, para que vai servir, para que serven os impostos nesta cidade. Nós témolo moi claro, os impostos teñen que servir fundamentalmente para atender ás necesidades da cidadanía que neste momento para moitas persoas son necesidades básicas, porque moitas familias están atravesando situacións realmente dramáticas, seguimos insistindo en que as prioridades teñen que ser os servizos sociais e a creación de emprego. Desgraciadamente entendemos que non coinciden coas prioridades vista a execución dos orzamentos de 2013 e visto ademais a negativa rotunda a establecer un debate democrático coas forzas da oposición deste Concello, por isto imos manter o noso voto tamén na aprobación final de abstención ante a presentación destas dúas novas ordenanzas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Este Pleno extraordinario que hoxe convoca o Alcalde poderíamos cualificalo como un Pleno indecente, o Pleno da vergoña. Hoxe consúmase a defunción dunha baixada de impostos municipais posible, que non se vai producir a pesares de que as contas do Concello o permiten. Hoxe vostedes enterran unha proposta do Partido Popular á que se sumou toda a cidade menos o Alcalde, un Alcalde que está afastado da realidade, da rúa e que por isto tampouco quixo introducir a

nosas propostas para mellorar e facilitar aprazamentos, bonificacións e exencións fiscais.

Hoxe o Alcalde tiña a oportunidade de darlles un alivio aos petos dos vigueses, a eses aos que lle estivo subindo os impostos durante seis anos consecutivos en plena crise económica. Pero o Alcalde preferiu non facerlle caso a Vigo, preferiu ir en contra da democracia e da participación, preferiu furtarlle a Vigo a posibilidade que lle da a lei de participar nun tema como os dos impostos que é de vital importancia porque afecta a tódolos cidadáns. Para que lle serve a Vigo un Alcalde que non escoita aos seus cidadáns, que non fai caso aos seus representantes veciñais, sociais, sindicais e empresariais. Por iso non nos equivocamos se dicimos que vostedes son uns tramposos, covardes, falsos, irresponsables, mentireiros e uns pésimos xestores. Tramposos, porque incumpren por sistema os acordos que se aproban neste Pleno; covardes porque quixeron pasar de puntiñas e non se atreveron a traer unha proposta porque non teñen os votos suficientes; dobremente covardes porque fixeron o posible para boicotear a convocatoria extraordinaria do Consello Económico e Social que promoveu o Partido Popular para debater sobre a rebaixa de impostos; falsos porque non son de fiar e nin sequera puxeron en marcha as iniciativas do Partido Popular en materia de información, aprazamentos e bonificacións fiscais que vostedes mesmos votaron a favor; e responsables porque lamentablemente cada vez son máis familias autónomas e pequenas empresas que as pasan “canutas” para pagar os impostos municipais, por se non o saben un cada cinco vigueses non pode pagar os seus impostos municipais en prazo. Mentireiros, porque din que coa baixada que propón o Partido Popular quebraría o Concello, cando só suporía un descenso dun 1,2 millóns de euros con respecto á recadación desta ano, e acábase de pechar o presuposto, o exercicio do 2012, cun superávit de 5,9 millóns, e dobremente mentireiros porque hai centos de concellos en España que baixan de verdade os seus impostos, como Santander, Santiago de Compostela, Albacete, por poñer exemplos.

Son uns pésimos xestores porque aínda hoxe non temos nin sequera un borrador de orzamentos para o 2014 cando o orzamento do ano que ven debería ter sido aprobado antes do 15 de outubro.

Alcalde, Vigo é a cidade de Galicia coas taxas e impostos municipais máis caros, xa se está acabando o ano e Vigo parece que quere saír da crise gracias a que houbo Goberno responsables, como os do Sr. Rajoy e do Sr. Feijóo, que fixeron reformas e apostaron polos sectores produtivos da cidade, como por exemplo o automóbil e o naval. Alcalde polo ben de Vigo, baixe os impostos, se hai cartos para subvencionar compañías aéreas ou para regalarlle cinco millóns de euros a unha concesionaria que quebrou o Auditorio, hai marxe para baixar os impostos e as taxas municipais.

SR. LÓPEZ FONT: Primeiro, nunca unhas ordenanzas municipais se debateron tanto como estas; segundo, oíndo ao Sr. Fidalgo pensei que xa estábamos en campaña electoral e se tivera en vez de cinco minutos, cincuenta tódalas cualificacións que fixo vostede inverteríalles unha por unha, porque os irresponsables son vostedes, aos que lles falta rigor é a vostedes, e é absolutamente falso o dicir que coa proposta do Partido Popular este Concello pódela asumir, vostede sabe e vostedes saben que coa proposta que fan esta Concello quebraría.

É moi bonito o discurso, non se pode misturar unha acción tan positiva como o superávit do 2012 co que vostede está manifestando, non o dicimos nós, lean a prensa local, catedrático da Universidade de Vigo di cal é a real carga fiscal nesta cidade, o que ocorre que vostede posto a falar de cidades ata chega a dicir Santiago de Compostela, cidades nas que certamente están nunha situación complicada. Para que queremos as ordenanzas fiscais? Para seguir coas políticas sociais que se fan neste Concello, e xa vexo que vostedes seguen insistindo, dende o Partido Popular, erre que erre nesa baixada de impostos, nós non imos consentir que este Concello quebre, coa súa proposta quebra. O que terían que dicirlle aos seus ministros, ao Presidente da Xunta de Galicia que non reduzan a achega que se fai a este Concello, que son máis de 2,5 millóns de euros, que non se eleve o canón de Sogama, que vostedes si que son tramposos sobre un prezo privado, incrementándoo por lei, iso faise en Venezuela, Sr. Fidalgo.

Polo tanto, o panorama que vostede pinta sobre esta cidade, Alcalde ten a oportunidade, claro que temos a oportunidade Sr. Fidalgo, e a oportunidade foi as políticas sociais que se fixeron este ano, e a oportunidade foi as 1.500 persoas que se beneficiaron dun plan pioneiro en España e en Europa, porque todo o mundo fala de solucionar aos máis desfavorecidos, aos que en peor situacións están, pero só aquí hai prestacións e cheques, e non no sentido pexorativo da palabra, para aqueles que realmente necesitan.

A min encantaríame que vostede dixera “ogallá a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra fixeran o mesmo que se está facendo no Concello de Vigo, ogallá”, porque esas 1.500 familias en vez de cobrar 1.750 euros cobrarían 5.200, e isto non o está facendo ninguén, estao facendo este Goberno, o Alcalde, ogallá no edificio da Xunta de Galicia e no da Deputación houbera as mesmas políticas sociais, esta é a realidade. Falando de xestión, fixéronse políticas sociais e de emprego, Sr. Fidalgo, iso si que é realmente atallar aqueles que peor o están pasando, e este Concello destinou 5,5 millóns de euros directos a emprego, destinou 16,5 millóns de euros a emprego e son 4.400 empregos os que se crearon. Se Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra o houberan feito, si Sr. Fidalgo, vostede que é economista debería de saber o ratio, e estas si que son políticas sociais.

Mañá recibimos un premio á Igualdade a esta cidade, se no Estado español houbera un premio ás políticas sociais no ano 2013, o Concello de Vigo levaríano.

Efectivamente temos superávit no 2012, o Sr. Montoro é un pésimo ministro coas súas decisións para tódolos españois, só acertou unha vez nos dous anos que leva de ministro, a vez na que lle fixo caso ao Sr. Caballero como Vicepresidente da FEMP, si poderase rir moito pero a proposta é moi sensato, aquel Concello que xestione ben, que teña superávit, que destine a inversión porque outros Concellos, o Concello de Madrid non pode facer o que lle dixo o Sr. Caballero ao Sr. Montoro.

Estamos próximos a principios do novo ano, sempre nos facemos propósitos, o Grupo do Partido Popular aquí debería de facerse o bo propósito primeiro de ser respectuosos nos Plenos e segundo, de facer caso ao Alcalde de Vigo como fixo o Sr. Montoro, porque iso si que revirte verdadeiramente no emprego.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación, votaranse por separado, como está regulado regulamentariamente. Votamos o punto primeiro.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE.

1º) Desestimar as alegacións formuladas por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., con CIF A-15474281 por resultar axustado a dereito o acordo de imposición e ordenación e a Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de Servizos na “Galería de Servizos de Navia”.

2º) Introducir no texto aprobado provisionalmente as seguintes aclaracións e especificacións:

a) O título da Ordenanza deberá ser: Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de Servizos na “Galería de Servizos de Navia”.

b) Engadir no artigo 4º un primeiro parágrafo do seguinte tenor literal:

“A cota tributaria total será o importe do custe do servizo -minorado entre un 10%-20%- por razóns de interese xeral.

A cota tributaria individual será o resultado de repartir a cota tributaria total entre os

diferentes usuarios do servizo e determinarase conforme as seguintes regras:"

3º) Aprobar definitivamente o acordo de imposición e ordenación e a Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de Servizos na "Galería de Servizos de Navia", co texto aprobado provisionalmente en sesión plenaria de 15 de outubro de 2013 agás as seguintes modificacións:

- O título da Ordenanza deberá ser: Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de Servizos na "Galería de Servizos de Navia".

- Engadir no artigo 4º un primeiro parágrafo do seguinte tenor literal:

"A cota tributaria total será o importe do custe do servizo -minorado entre un 10%-20%- por razóns de interese xeral.

A cota tributaria individual será o resultado de repartir a cota tributaria total entre os diferentes usuarios do servizo e determinarase conforme as seguintes regras:"

4º) Dispoñer a publicación no BOP do acordo de imposición e ordenación e da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de Servizos na "Galería de Servizos de Navia".

## **2(229).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN. (35)**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de decembro de 2013 a directora de Ingresos e a técnica xurídica da Dirección de Ingresos, presentan o seguinte informe proposta conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, polo Secretario Xeral do Pleno e mailo Interventor Xeral,

### **"ANTECEDENTES DE FEITO:**

1. O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 15/10/2013 prestou aprobación provisional ao acordo de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

2. O anuncio de exposición pública do acordo plenario anterior foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 200 de 17/10/2013, iniciándose o prazo de 30 días hábiles para o exame do expediente e a presentación de reclamacións e suxerencias, rematando o mesmo o 22-11-2013.

3. Dentro do prazo regulamentario, REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE

TELECOMUNICACIONES, con CIF G- 85112357 presenta escrito de alegacións ao acordo de aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 12/11/2013.

Tras cita de varias Directivas Comunitarias e da STXUE da UE de 12/7/2012, fundamenta a súa alegación na sorpresa que lle causa a iniciativa do Concello de crear e manter unha nova taxa que grava ás empresas de telefonía móbil por varias razóns, concluíndo que *“no es lícito ni legal que este Ayuntamiento busque, por la vía de una Ordenanza fiscal, un incremento de ingresos tributarios mediante la imposición de una figura tributaria contraria a la normativa europea, según ha ratificado el Tribunal de Justicia de la Unión Europea”*.

Remata solicitando que á vista da STXUE de 12/7/2012 e ata que sexa dictada resolución por parte do TS, en relación coa concreta cuestión do gravame das Compañías de telefonía móbil pola modalidade xeral da taxa por utilización ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo das vías públicas na forma deseñada e establecida pola Ordenanza, se suspenda ou se paralice calquera intento de aprobación, modificación ou mantemento da vixencia e eficacia da ordenación e xestión dunha taxa que considera que choca frontalmente cos contidos do ordenamento xurídico.

### **INFORME-PROPOSTA:**

1.- Cúmpanse os requisitos de lexitimación, competencia e prazo que permiten entrar a valorar o fondo da alegación.

O artigo 18 do RD 2/2004 considera interesados para os efectos de reclamar contra os acordos provisionais aos colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios. A entidade reclamante ten a condición de asociación de operadores de telecomunicación, atopando lexitimación ao abeiro do precepto citado.

2.- O escrito de alegacións presentado por REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES inclúe alegacións con contido xurídico e unha serie de apreciacións de carácter xeral (como que o servizo de telefonía móbil é útil e beneficioso para os cidadáns do Concello de Vigo, que se trata dunha actividade que impacta no exercicio do dereito a difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións,...).

Cómpre precisar que a taxa por utilización privativa/aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil se exacciona no Concello de Vigo dende o exercicio 2010. En consecuencia, a aprobación inicial da presente ordenanza non establece un taxa de nova creación en Vigo.

Resulta ademais improcedente invocar a que estas empresas xa contribúen ás arcas municipais pola vía doutros tributos como o Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), como se indica no escrito de alegacións. No caso do IAE, estamos ante un imposto, que grava unha manifestación de capacidade económica. No caso da taxa, o que se está a gravar é unha utilización privativa ou un aproveitamento especial. Existen dous feitos impoñibles diferenciados

3.- Para os efectos de rebatir motivadamente as alegacións de tipo xurídico, as agruparemos nos seguintes epígrafes:

I.- Inexistencia de infracción da normativa comunitaria.

II.- Existencia de pronunciamentos do TS posteriores á STXUE do 12/7/2012 que avalan

a procedencia da exacción da taxa por utilización privativa/aproveitamento especial constituido no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

#### *I.- Inexistencia de infracción da normativa comunitaria.*

A alegación referida a que a ordenanza inicialmente aprobada regula unha figura tributaria contraria á normativa europea, según ten ratificado o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non pode ser estimada.

A STXUE de 12/7/2012 non establece que a taxa a satisfacer polas empresas de telefonía móbil pola utilización privativa/aproveitamento especial do dominio público local sexa contraria a Dereito, senón que puntualiza no seu fallo que:

1) O artigo 13 da Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva autorización), debe interpretarse no senso de que se opón á aplicación dun canon por dereitos de instalación de recursos nunha propiedade pública ou privada, ou por riba ou por baixo da mesma, aos operadores que, sen ser propietarios de ditos recursos, os utilizan para prestar servizos de telefonía móbil.

2) O artigo 13 da Directiva 2002/20 ten efecto directo, de sorte que confire aos particulares o dereito a invocalo directamente ante os órganos xurisdiccionais nacionais para opoñerse á aplicación dunha resolución dos poderes públicos incompatible con dito artigo.

O articulado do Texto de Ordenanza fiscal nº 35 inicialmente aprobado axústase ao fallo da STXUE de 12/7/2012, así como aos fallos das diversas sentenzas do TSX de Galicia recaídos en relación coa Ordenanza fiscal nº 35 que empezou a aplicarse dende o exercicio 2010. En concreto, os artigos 1 (feito imponible), 2 (suxeito pasivo) e 4 (base imponible) foron modificados en relación coa redacción orixinaria, polo que non existe infracción ningunha do Dereito Comunitario.

Así, o informe técnico-económico sobre a contía da presente taxa incorporado ao expediente xa indica de xeito claro que a determinación da contía regulada na Ordenanza inicialmente aprobada parte de dúas premisas. E unha delas é que se gravará aos operadores de telecomunicacións móbiles cuxas redes ocupen materialmente subsolo público así como outros elementos que supoñan aproveitamento especial en solo e voo de dominio público municipal.

#### *II. Existencia de pronunciamentos do TS posteriores á STXUE do 12/7/2012 que avalan a procedencia da exacción da taxa por utilización privativa/aproveitamento especial constituido no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.*

Carece de fundamento instar a suspensión ou paralización de calquera intento de aprobación, modificación ou mantemento da vixencia e ordenación da presente taxa ata que sexa ditada resolución por parte do TS, como se insta no escrito de alegacións. Isto é así porque con posterioridade á STXUE de 12/7/2012, xa recaeron as STS do 10/10/2012 e de 15/10/2012, que avalan a procedencia da exacción da taxa por uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público local a operadores de redes de telecomunicacións titulares de instalacións.

4.- Á vista do exposto, as alegacións teñen que ser desestimadas pois tras a STXUE de 12/7/2012 ( e subseguintes do TS citadas) xa non está en discusión a procedencia da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública por respecto dos operadores que ocupan materialmente bens de dominio público local con redes da súa titularidade e a ordenanza inicialmente aprobada axústase a esta xurisprudencia.

Na medida en que o dominio público local é un ben escaso, esta realidade subxace na excepción que plantea o TXUE: non se poden cobrar taxas, arbitrios, cánones...aos operadores de telefonía móbil que non sexan titulares de redes. Pero sí cabe a exacción da taxa aos operadores que ocupan materialmente o solo, subsolo e voo de dominio público local porque tal utilización - en moitos casos no centro da cidade- é excluinte e provoca fortes condicionamentos para os subseguintes operadores e para a propia entidade local, que debe prover doutros servizos públicos esenciais: auga, saneamento, alumeadado público, etc.

Polo exposto, procede propoñer ao Excmo. Concello Pleno, previo ditame da Comisión de Economía e Facenda, a adopción dos seguintes acordos..."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión extraordinaria do 16 de decembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de decembro, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE.

1º) Desestimar as alegacións formuladas por REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES, con CIF G- 85112357, por resultar axustado a Dereito o acordo de imposición e ordenación e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

2º) Aprobar definitivamente o acordo de aprobación provisional de data 15/10/2003 de modificación da Ordenanza fiscal nº 35 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

3º) Dispoñer a publicación no BOP do texto da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

*A PRESIDENCIA: Antes de levantar o Pleno, dado que o seguinte terémolo no próximo ano, quería desexarlles a tódalas concelleiras/os unhas boas festas, un bo ano e verémonos no Pleno o día 9 de xaneiro. Feliz ano.*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vinte e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.